

Instrución V / 2009 da Xerencia para a xestión dos Máster Oficiais

1. Introducción

A progresiva harmonización dos sistemas universitarios esixida pola construción do Espazo Europeo de Educación Superior supón unha profunda transformación en todos os aspectos relativos á estrutura universitaria española. Entre estes aspectos destaca a regulación dos estudos oficiais de posgrao que se introduce co Real Decreto 56/2005, que regula os estudos conducentes aos títulos de Máster Universitario e de Doutor, derogado polo Real Decreto 1393/2007, que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

No curso académico 2006/07 implantáronse na USC varios programas oficiais de posgrao, de acordo coa nova regulación destes estudos. Previamente, aprobouse, por acordo do Consello de Goberno do 7 de xuño de 2006, o Regulamento dos estudos oficiais de posgrao.

Para facilitar a organización e xestión das ensinanzas de Máster Universitario cómpre establecer uns criterios de funcionamento, tendo en conta as súas características, así como regular o apoio administrativo necesario para o desenvolvemento desta xestión.

Entre as razóns que xustifican esta necesidade destacan:

- Os Máster poden ter financiamento condicionado externo, a través de convenios, subvencións ou outras fórmulas.
- Os coordinadores dos programas son os responsables da súa organización e xestión, en aplicación das normas reguladoras e dos acordos da Comisión Académica do programa. Non obstante os centros interveñen dun xeito decisivo pola súa participación nas súas Comisións Académicas e son os que facilitan os recursos para o desenvolvemento das actividades académicas, tanto os recursos para a docencia como a colaboración do persoal adscrito ao centro.
- É preciso establecer os mecanismos de colaboración entre os órganos académicos (Comisións Académicas, coordinadores, dirección dos centros e departamentos) e a distribución de funcións que lle corresponden desempeñar ás diferentes unidades administrativas

As principais actuacións na área académica son:

- Elaboración do Plan docente anual do Máster e dos horarios
- Proposta de convenios con empresas para as prácticas externas, e convocatoria e selección dos alumnos que as realizan
- Proposta de convenios ou acordos para o financiamento / patrocinio do Máster
- Proposta de establecemento do límite de prazas e admisión nos Máster
- Informes para os recoñecementos de estudos
- Todo o que atinxe ao encargo docente do profesorado

Na área de xestión económica, cómpre especificar os gastos que se poden autorizar para o desenvolvemento das actividades do Máster e, en cada caso, as partidas orzamentarias ás que se aplican: equipamento e material inventariable, material funxible, axudas de custo e locomoción, retribucións por docencia, etc.

2. Asignación da docencia

Para a asignación da docencia estarase ao previsto no artigo 6 do Regulamento.

As necesidades específicas de PDI para o desenvolvemento dun Máster que non poidan ser cubertas co persoal propio da USC deben formularse á Vicerreitoría con competencias na materia, utilizando para iso as modalidades de incorporación temporal de persoal previstas. De ser o caso, estas incorporacións deben ser financiadas integramente polos recursos do propio Máster.

3. Ingresos e xestión dos créditos

Os ingresos que se deriven de prezos públicos non se considerarán en ningún caso condicionados ao desenvolvemento do Máster.

A aqueles Máster que teñan ingresos externos condicionados abráselles unha partida de gasto específica, na que se dotarán os distintos ingresos e á que se imputarán tódolos gastos, no subconcepto que corresponda. Estas partidas serán codificadas con códigos funcionais específicos.

Nos casos en que, sen ter financiamento externo, sexa preciso abrir unha partida específica para facilitar a xestión, o coordinador solicitará a Xerencia, a través do Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

A execución dos gastos desas partidas realizarase no centro e o coordinador actuará como director do centro de gasto.

4. Convenios e acordos

O coordinador será o responsable da tramitación dos convenios e outros tipos de axudas específicas para o desenvolvemento do máster. Para iso contará co apoio da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

5. Xustificación dos gastos

A xustificación das axudas recibidas, de ser o caso, será competencia do centro, a través da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Para iso, o Servizo de Contabilidade e Orzamentos expedirá as certificacións de gasto así como a documentación complementaria que se necesite para remitirla aos centros

De ser o caso, a emisión de facturas para a xustificación será realizada polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos, logo da solicitude da Unidade do Centro.

6. Participación en Máster interuniversitarios

A participación do persoal da USC na docencia dun Máster interuniversitario xestionado por outra universidade debe regularse no convenio que se subscriba para ese efecto, o cal deberá estar informado previamente pola Vicerreitoría con competencias na materia.

No caso de non existir convenio, a participación do persoal da USC debe contar coa autorización expresa da Vicerreitoría de Profesorado.

7. Gastos autorizados

O crédito específico existente nas partidas dos Máster poderá utilizarse para autorizar os seguintes gastos:

- a. Gastos de divulgación do Máster
- b. Axudas de custo e locomoción ocasionadas polo profesorado e persoal do Máster
- c. Custo de visitas programadas.
- d. Gastos pola adquisición de bens e servizos necesarios para o desenvolvemento do Máster.
- e. Gastos de impartición de docencia ou titorías por parte de persoas invitadas coas que a USC no teña relación contractual nin funcional. Estes gastos documentaranse utilizando o impreso de "cursos e conferencias" ou aquel que a Xerencia determine. Poderanse establecer límites económicos para este concepto a través dos orzamentos da USC.
- f. Contratos de persoal docente. Os contratos que se realicen deben ser supervisados e xestionados pola Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica, e cumprir cos seguintes condicionantes:
 - Suficiencia financeira.
 - Modalidades contractuais. En calquera caso a incorporación de persoal debe facerse para algunha das figuras de profesorado.
- g. Excepcionalmente, persoal técnico de apoio. A súa contratación debe ser solicitada á Xerencia e aterase aos mesmos criterios mencionados no apartado anterior.

Os custos do persoal contratado imputaranse as partidas que correspondan do capítulo I do orzamento da USC, logo de facer as modificacións de crédito necesarias para o seu financiamento, e teranse en conta para os efectos da xustificación do gasto.


8. Gastos non autorizados

No se poderán aboar co crédito existente para os Máster os gastos seguintes:

- a. Todos aqueles que lle correspondan ao centro polo mantemento das instalacións nin as que correspondan aos departamentos por impartir docencia nas titulacións oficiais.
- b. Retribucións directas de calquera tipo a persoal da USC (PDI ou PAS), incluídos os pagamentos por conferencias e outro tipo de colaboracións, sen prexuízo da posibilidade de utilizar o crédito específico dos Máster para cofinanciar gastos de persoal, que en todos os casos se farán efectivos con cargo ao capítulo I e coa autorización expresa da Xerencia.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

O XERENTE,



Pedro García Moreno